

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

**12414** *Real decreto 990/2014, do 28 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 202/2012, do 23 de xaneiro, sobre a aplicación a partir de 2012 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría.*

O Real decreto 202/2012, do 23 de xaneiro, sobre a aplicación a partir de 2012 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría, desenvolve no seu título V as axudas específicas por aplicación do artigo 68 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa aos agricultores no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores, e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1290/2005, (CE) n.º 247/2006, (CE) n.º 378/2007 e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1782/2003.

España informou a Comisión Europea da persistente seca de carácter excepcional que causou desde o 1 de outubro de 2013 en determinadas partes do seu territorio un esgotamento dos pastos e a escaseza ou menor calidade das forraxes dispoñibles, o que coloca os produtores das zonas afectadas nunha situación extremadamente difícil, porque deben someter rabaños enteiros a réximes de cría extensiva e se ven obrigados a respectar o período de retención fixado no citado Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro. Así pois, para facilitar que os produtores das zonas afectadas que crían vacas nutrices poidan cumprir cos seus compromisos financeiros sen perderen o dereito á prima por vaca nutriz, resulta adecuado reducir o período de retención fixado no Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro. Conforme isto, a Comisión aprobou o Regulamento de execución (UE) n.º 1069/2014 da Comisión, do 10 de outubro 2014, polo que se establece unha excepción ao disposto no Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, no referido ao período de retención para a prima da vaca nutriz.

Dentro deste marco regulador, procédese a modificar o disposto no artigo 26 do Real decreto 202/2012, do 23 de xaneiro, para a campaña 2014 en España, en relación co período de retención para a prima da vaca nutriz que permite reducir o período de retención a cinco meses en determinadas comunidades autónomas. De maneira consecvente, débese modificar o artigo 65, relativo á axuda para compensar desvantaxes específicas que afectan os agricultores que manteñen vacas nutrices, e igualmente reducir a cinco meses o período de retención en determinadas comunidades autónomas, xa que, cando se fixaron os requisitos para esta axuda, se estableceu a mesma duración do período de retención que se establecera para a prima por vaca nutriz. A modificación da duración do período de retención para a prima por vaca nutriz fai necesario modificar nos mesmos termos a duración do período de retención para este pagamento, xa que a existencia de períodos de retención diferentes complicaría a xestión de forma considerable e crearía un trato desigual entre produtores afectados polas mesmas causas que motivaron a dita modificación amparada no Regulamento da Unión Europea.

Na elaboración da presente disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de novembro de 2014,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 202/2012, do 23 de xaneiro, sobre a aplicación a partir de 2012 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría.*

O Real decreto 202/2012, do 23 de xaneiro, sobre a aplicación a partir de 2012 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría, queda modificado como segue:

Un. A letra c) do número 1 do artigo 26 substitúese pola seguinte:

«c) Respectar o período de retención correspondente, para o cal o produtor deberá ter mantido na súa explotación, durante polo menos seis meses sucesivos a partir do día seguinte ao da presentación da solicitude, un número de vacas nutrices polo menos igual ao 60 por cento do número total de animais polo cal se solicita a prima e un número de xovencas que non supere o 40 por cento do citado número total. Calquera variación do número de animais obxecto de solicitude, incluído o seu traslado, deberá ser comunicado polo solicitante á autoridade competente na forma en que esta determine.

Non obstante o anterior, para a campaña 2014 a duración do período de retención será de cinco meses, de conformidade co Regulamento de execución (UE) n.º 1069/2014 da Comisión, do 10 de outubro de 2014, polo que se establece unha excepción ao disposto no Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, no referido ao período de retención para a prima da vaca nutriz, que autoriza España a acurtar o período de retención da prima por vaca nutriz na dita campaña nas seguintes comunidades autónomas: Andalucía, Aragón, Illes Balears, Castilla-La Mancha, Castilla y León, Cataluña, Extremadura, Madrid, Rexión de Murcia e Comunidade Valenciana.

En caso de que o cálculo do número máximo de xovencas, expresado en forma de porcentaxe, dea como resultado un número fraccionario de animais, este número redondearase á unidade inferior se é inferior a 0,5 e ao número enteiro superior se é igual ou superior a 0,5.»

Dous. O número 1 do artigo 65 substitúese polo seguinte:

«1. Os pagamentos concederánselles aos agricultores, teñan ou non dereitos de prima por vaca nutriz dos mencionados no artigo 26.1.a), polas vacas nutrices que manteñan durante o período de retención, que será de polo menos seis meses sucesivos a partir do día seguinte ao da presentación da solicitude. Non obstante o anterior, para a campaña 2014, a duración do período de retención será de cinco meses e a determinación da carga gandeira, para efectos deste real decreto, calcularase tendo en conta a media de cinco días, considerando o primeiro día de cada mes do período de retención, nas seguintes comunidades autónomas: Andalucía, Aragón, Illes Balears, Castilla-La Mancha, Castilla y León, Cataluña, Extremadura, Madrid, Rexión de Murcia e Comunidade Valenciana.

Non se admitirá un número de xovencas superior ao 40% do número total de animais obxecto de subvención.»

**Disposición transitoria única.** *Aplicación.*

O disposto neste real decreto será de aplicación desde o 1 de agosto de 2014.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de novembro de 2014.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,  
ISABEL GARCÍA TEJERINA